

# VI CONCURSO DE COMADRES E COMPADRES

## BASES

**Primeira.-** O Concello da Pobra do Brollón convoca o VI Concurso de Compadres e Comadres, que se realizará dentro do programa de actividades do Entroido, os xoves 9 e 16 de febreiro de 2023.

**Segunda.-** As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Casa da Cultura, 2ª planta) ou ben chamando o teléfono 982 430 546 en horario de 10:30 a 13:30 horas, sendo o derradeiro día de inscrición o 8 e o 15 de febreiro respectivamente.

Tamén se poderá inscribir os propios días 9 e 16 antes das 14:30 mediante envío de fotografía das figuras participantes ao whatsapp 650 624 828, indicando nome da persoa ou colectivo participante, e categoría na que participa.

**Terceira.-** Haberá dúas categorías e dúas subcategorías:

- Individuais: Nen@s e Adult@s
- Colectivos: Locais comerciais, Colexio, Asociacións, ou entidades de diversa índole.

**Cuarta.-** Todos aqueles participantes da categoría “individuais” que desexen participar na queima organizada, deberán concentrarse diante do Concello ás 18:30 (dos días 9 e 16) onde se correrán para posterior queima no exterior da Casa da Cultura, lugar no que tamén se ofrecerá unha chocolatada.

Aqueles que decidan facer a queima fóra da queima organizada, deberán quedar suficientemente acreditados mediante fotografía para que o xurado poida decidir. Na medida do posible, o xurado tratará de visitar todas as figuras participantes.

**Quinta.-** Na convocatoria de “Colectivos”, os compadres e comadres inscritos colocaranse nos lugares elixidos polos participantes dende a primeira hora da mañá. Na medida do posible, o xurado tratará de visitar

todas as figuras participantes. Na medida do posible, o xurado tratará de visitar todas as figuras participantes ata as 15:00h.

**Sexta.-** Haberá dous premios por modalidade. Valorarase a orixinalidade, calidade e elaboración de cada un deles.

PREMIOS (por convocatoria):

**Individuais**

Nen@s: 1º premio: 50 € / Accésit: 20 €

Adult@s: 1º premio: 50 € / Accésit: 20 €

**Colectivos**

1º premio: 100 € / Accésit: 50 €

**Sétima.-** A entrega dos premios será o día 18 de febreiro na Casa da Cultura, coincidindo co remate do desfile de Entroido.

**Oitava.-** A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.